

# **ANEXO Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**CURSO 2021/2022**

**Modificación da programación**

**DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA**

## **MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN.**

Segundo a orde do 25 de xaneiro de 2022, publicada no Diario Oficial de Galicia o 11 de febreiro de 2022, na que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación secundaria, quedan modificados os criterios de avaliación e promoción da programación do Departamento de Física e Química no presente curso, do modo seguinte:

- Na programación didáctica contéplase a realización dunha **proba extraordinaria** a finais de xuño na que se examinaría de toda a materia o alumnado que unha vez realizada a media aritmética das 3 notas obtidas en cada avaliación ou na correspondente recuperación non acadase unha media superior ou igual a 5. Esta proba extraordinaria desaparece.
- A recuperación da terceira avaliación parcial para aqueles alumnos/as que non acaden na avaliación unha nota igual ou superior a 5 realizarase antes da sesión de avaliación (6 de xuño).
- A **nota final do curso** será, como xa estaba previsto na programación, a media aritmética das 3 notas obtidas en cada avaliación ou na correspondente recuperación. Se a media aritmética é superior ao 5 o alumno terá aprobada a materia. Esta media realizarase cos valores numéricos decimais que teñan en cada avaliación (sen redondear).
- No período de tempo comprendido entre a terceira avaliación (6 de xuño) e a avaliación final (22 de xuño), realizaranse actividades de reforzo e recuperación para aqueles alumnos que non teñan superada a materia. Realizarase unha proba final baseada nos obxectivos, no grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación que aparecen na programación; se a cualificación obtida é igual ou superior a 5 aprobarán a materia.

Para os alumnos/as que teñan superada a materia coa media aritmética das tres avaliacións realizarase actividades de ampliación, coa posibilidade de poder subir a nota acadada coa media aritmética das tres avaliacións; con esta finalidade, ademais das actividades de ampliación, poderán facer tamén unha proba que lles permita subir a nota.

- Os **criterios de promoción e titulación** do departamento de Física e Química, como aparece na programación, serán os criterios de promoción e titulación xerais do Centro. Estes criterios foron modificados como consecuencia da orde do 25 de xaneiro de 2022; o día 7 de abril de 2022 aprobáronse en claustro os novos criterios de promoción e titulación, que foron autorizados pola inspección educativa o día 20 de abril de 2022.